



**CONSELLO PARROQUIAL
MOURENTE
19/05/16**

ASISTENTES:

- Comunidade de Montes
- AAVV O Castro
- ANPA Ceip Villaverde
- Asociación mulleres rurais Amarinda
- Asociación cultural Os Alegres
- Veciños da parroquia
- Alberto Oubiña

O concelleiro delegado da parroquia Alberto Oubiña reúne-se cos membros do consello parroquial de Mourente para presentar as vindeiras obras a realizar na parroquia, así como para recoller novas propostas. A xuntanza comenza coa seguinte orde do día:

- Vindeiras obras
- Información de interés
- Suxerencias e peticións

VINDEIRAS OBRAS

1. Rúa dos Cantos, na zona de Moldes
2. Canalización pista na Condesa
3. Recollida de augas do “Camiño Vello” en Carabelos
4. Arranxo integral pista de conexión entre os Areais e Cons.

1.- Rúa dos Cantos

O proxecto, cun custe aproximado de doce mil euros (12.000,00 €) inclúe a recollida de augas e a súa canalización por debaixo da rúa coa colocación de reixas casa 50 cm, así como o desbroce dunha zona de terras que estreita o camiño.

2.- Canalizacións na pista en Condesa

A obra consiste en continuar coa canalización que xa comenzara o ano pasado. No seu momento non se continuou porque, ao ser unha zona moi cha, estaba analizándose o seu funcionamento. Os traballos teñen un custe aproximado de seis mil euros (6.000,00 €)

3.- Recollida de augas do “Camiño Vello” en Carabelos

Obra que xa está comenzada e rematará nunha ou dúas semanas. Canalización laterais para a recollida de augas e eliminación dunha zona de empozamento.

4.- Pista entre os Areais e Cons

Cun custe de sesenta mil souscentos oitenta e oito euros (60.288,00 €) é unha obra priorizada polo consello parroquial. A reparación integral da pista, adaptándoa ao standar de calidade urbana, consta dos seguintes traballos:

- Recollida de augas pluviais e construción de cunetas de formigón
- Levantamento de tapas de sumidoiros ata o nivel da pista
- Limpeza
- Drenaxes en zonas onde nace auga para evitar que se dane a estrada
- Sinalización vertical e horizontal

- Arranxo dos sobreanchos da pista
- Asegurar as entradas das vivendas
- Asfaltado
- Construcción de dous reductores de velocidade (lombos)

O proxecto xa está enviado ao servizo de intervención do Concello para a súa aprobación. En breve os veciños serán convocados para presentarles a obra.

INFORMACIÓN DE INTERÉS

Presentación de diversos temas de interese para a parroquia:

- Inicio da campaña de bacheo e desbroce
- A pista de petanca dos Campos está lista. Traballo feito en colaboración coa asociación de veciños dos Campos, árbores e iluminación incluídos.
Nos vindeiros días convocaranse aos veciños e veciñas da zona para presentar a reforma da casa-escola e ver os equipamentos que necesitan.
- A pista de petanca dos Areais está practicamente rematada coa estrutura de protección de madeira. Falta unicamente a prantación de árbores.
- As asociacións ou comisións de festas que necesiten que se limpe algún espazo para a celebración de festas teñen que pedilo coa suficiente antelación.
- Existen ofertas dunhas 60 empresas para facer o saneamento proxectado para a parroquia. Os trámites administrativos son lentos e tediosos, pero espérase que a obra de comenzo en breve

SUXERENCIAS E PETICIÓN

- Problema de augas nunha pista paralela á baixada ao mercantil (auga que baixa da Bouza), tampouco teñen alcantarillado. A única solución que teñen para solventar dito problema sería que un grupo de chalets dé permiso para pasar as tuberías pola súa propiedade.
- Na zona da igrexa hacia arriba hai uns postes bastante perigosos que quedaron na estrada despois do retranqueo feito tras a construción dunha vivenda.
- Na zona de Mourente conectáronse todos os veciños á rede de saneamento, menos un que está contaminando ás demais vivendas.
- O Consello parroquial solicita que se poden as árbores do atrio da igrexa antes de que comencen as festas
- Na zona de “O Monte” hai 3 vivendas sen alcantarillado e queren facelo por un camiño existente. Necesitan saber a condición de titularidade.
- Desbroce a parte exterior do centro social.
- A anpa do colexio Vilaverde solicita abrir unha liña de traballo conxunto co Concello para solucionar os problemas do acceso peonil ao colexio.
- O problema vertidos ilegais nas inmediacións do mercantil cada vez é maior. Dende o Concello foron os técnicos municipais e atopáronse con restos de amianto polo que é necesario contratar unha empresa especializada. Dánse as explicacións oportunas.